

## **BANDO**

Por esta Alcaldía en atribución das competencias establecidas no artigo 21.1.e) da Lei reguladora das bases do réxime local, en **relación ás medidas preventivas para evitar a propagación do coronavirus COVID-19 no** Concello de Redondela, por esta Alcaldía **SE INFORMA** á veciñanza do seguinte **EN RELACIÓN AOS MERCADOS MUNICIPAIS DE CHAPELA E REDONDELA:**

O Real Decreto que regula o estado de alarma, permite a apertura dos establecementos de alimentación, bebidas e produtos e bens de primeira necesidade.

Se ben, se deberá permanecer nos mesmos soamente polo tempo estritamente necesario, e se deberán evitar aglomeracións así como gardar as distancias de seguridade

**Por elo o Concello de Redondela poderá limitar o acceso aos mercados municipais cando non se cumpran estas condicións**, permitindo únicamente, aquel número de persoas que sexa acorde coas súas dimensións, e para o cumprimento da distancia mínima de seguridade de ao menos un metro.

Se evitarán as aglomeracións de persoas, e se controlará que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade.

O Concello de Redondela pon a disposición dos usuarios e vendedores dos mercados municipais, as medidas de hixiene que se precisan, segundo as recomendacións do Ministerio de Sanidade.

Con fin de que ditas medidas sexan de estricto cumprimento, os axentes da autoridade poderán practicar as comprobacións nas persoas, bens, vehículos, locais e establecementos que sexan necesarias e ditar as órdenes e prohibicións que se precisen.

Da totalidade das medidas adoitadas poderán ter coñecemento a través da web municipal na dirección **[www.redondela.gal](http://www.redondela.gal)**.

Teléfonos de atención do Concello de Redondela: **986400300 e 986402865; Policía Local: 986402610**

A ALCALDESA

Digna Rosa Rivas Gómez

